

Regulamento dos estudos de Terceiro Ciclo da Universidade de Santiago de Compostela

(aprobado na Xunta de Goberno o día 7 de abril de 2000)

(DOG de 6 de marzo do 2001)

(Modificado por Xunta de Goberno do 14-XI-2000, Consello de Goberno do 22-XII-2003 e do 18-VII-2005 (arts. 30 a 45), Consello de Goberno do 11/11/2008, Consello de Goberno do 14/05/2009)

Motivos da reforma (provisional; 11/11/2008 e 14/05/2009)

O Real decreto 1393/2007 introduce modificacións no relativo á elaboración, tribunal, defensa, e avaliación da tese de doutoramento, así como nos procedementos relacionados coa Mención Europea no título de doutor, que son aplicables a partir de novembro de 2008, segundo reza na súa disposición transitoria terceira. Ademais o Ministerio de Ciencia e Innovación acaba de desenvolver unha nova ferramenta informática para recibir a información que precisa en relación coas teses de doutoramento defendidas nas universidades españolas en aplicación do artigo 21.8 do mencionado Real decreto. É dicir, a nova aplicación TESEO, que é preceptivo empregar desde o inicio de novembro de 2008.

Por este motivo introdúcese, de maneira provisional, determinadas modificacións neste Regulamento que atenden a estas novidades normativas de obrigado cumprimento, incorporando algunha pequena modificación nos procedementos que se deben seguir en relación coa presentación da tese e a súa defensa. Déixase para un momento posterior a modificación completa deste Regulamento para acomodalo totalmente ao marco lexislativo do RD 1393/2007.

Preámbulo

Os estudos de terceiro ciclo teñen por finalidade a especialización do/a estudante nun determinado campo científico, técnico ou artístico e a súa formación en técnicas de investigación. Estes estudos conducen á obtención da suficiencia como investigador/a, o diploma de estudos avanzados e o título de doutor/a.

Os estudos de terceiro ciclo, a obtención do diploma de estudos avanzados e a do título de doutor/a na Universidade de Santiago de Compostela (USC) rexeranse polo disposto en: a) a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria e lexislación concordante; b) o Real decreto 778/1998, do 30 de abril; c) os Estatutos da USC; d) o presente regulamento.

Os estudos de terceiro ciclo articúlanse en dúas etapas: a) a etapa de formación, na que se realizan os cursos, seminarios e traballos de investigación tutelados dun programa de doutoramento; b) a etapa de tese, na que se realizan os traballos de investigación dirixidos polo/a director/a ou codirectores da tese, e que culminan coa elaboración da tese de doutoramento. A etapa de formación divídese á súa vez en dous períodos: o período de docencia e o período de investigación.

Consideraranse estudantes de terceiro ciclo todos aqueles alumnos/as que estean matriculados en estudos de terceiro ciclo na etapa de formación ou na etapa de tese, neste último caso sempre que: a) teñan dedicación a tempo completo; b) non transcorreran máis de tres anos desde a obtención do diploma de estudos avanzados. O resto dos alumnos matriculados na etapa de tese consideraranse estudantes adscritos de terceiro ciclo.

O Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua da USC (CPTF no que segue) encargarse da coordinación, supervisión e control dos estudos de terceiro ciclo.

O presente regulamento configúrase co obxectivo de dotar os estudos de terceiro ciclo dunha maior calidade e dunha estrutura máis estable que, á súa vez, permita a súa constante actualización. Preténdese así mesmo abrilos a un marco interuniversitario que conduza a unha formación avanzada incentivadora da mobilidade dos/as estudantes. O cumprimento dos obxectivos conducirá ao incremento do prestixio destes estudos na sociedade.

Capítulo I: Elaboración e aprobación dos programas de doutoramento

Art. 1. Programas de doutoramento

1. Os departamentos poderán impartir programas de doutoramento correspondentes a estudos de terceiro ciclo, de acordo co disposto no presente regulamento.
2. Os institutos universitarios poderán igualmente impartir programas de doutoramento, para o cal exercerán todas as competencias que se lles atribúen aos departamentos. As funcións que no caso dos departamentos recaen sobre o seu consello, serán exercidas, no caso dos institutos universitarios polo seu consello científico.
3. Os departamentos e institutos universitarios poderán impartir programas de doutoramento conxuntamente con un ou varios departamentos, e/ou con un ou varios institutos universitarios. Neste caso, un dos departamentos ou institutos encargarse da dirección académica do programa, e denominarase departamento ou instituto universitario responsable do programa.
4. Poderán impartirse programas de doutoramento interuniversitarios, mediante o asinamento de convenios entre a USC e outros organismos académicos e científicos. Tales convenios deberán reflectir os departamentos ou institutos universitarios da USC participantes e a contribución académica, científica e económica de cada parte. A Comisión de Doutoramento deberá emitir informes sobre eles preceptivamente.
5. A participación dun departamento ou instituto universitario na impartición dun programa de doutoramento poderá involucrar a todos ou a parte dos seus membros.

Art. 2. Composición dos programas

1. Os programas de doutoramento comprenderán cursos, seminarios e traballos de investigación tutelados (no que segue, materias) desenvolvidos ao longo de dous cursos académicos, que serán impartidos e tutelados por doutores.
2. A planificación docente e a xestión académica de cada programa de doutoramento estará a cargo dun/nha coordinador/a, que será un/nha profesor/a numerario/a co título de doutor/a con, polo menos, un sexenio de investigación concedido, e pertencente ao departamento ou instituto universitario responsable que imparte o programa.
3. O/A coordinador/a do programa será proposto polo consello do departamento ou instituto universitario responsable, e nomeado pola Comisión de Doutoramento. O/A coordinador/a estará apoiado nas súas tarefas administrativas pola secretaría do departamento ou do instituto universitario responsable.
4. O consello do departamento ou instituto universitario responsable poderá nomear, por proposta do/a coordinador/a, subcoordinadores asociados a cada unha das áreas de coñecemento do programa e/ou a cada un dos centros onde se imparte. Os subcoordinadores colaborarán co/a coordinador/a nas tarefas de planificación docente e de xestión académica do programa.
5. O/A coordinador/a presidirá as xuntanzas dos membros do equipo docente do programa, formado por todos os doutores participantes.

Art. 3. Periodización dos programas

Cada programa de doutoramento estará estruturado en dous períodos diferenciados que se impartirán en cada un dos anos académicos que comprende a etapa de formación: a) período de docencia; b) período de investigación.

Art. 4. Período de docencia

O período de docencia impartirase na súa totalidade nun curso académico e implicará a realización de cursos e seminarios da proposta docente do programa. A oferta docente para este período comprenderá cando menos 20 créditos, que se distribuirán nas seguintes materias:

- a) Un mínimo de 15 créditos básicos ou fundamentais, constituídos por cursos ou seminarios sobre contidos dos campos científico, técnico ou artístico aos que estea dedicado o programa (materias de tipo B).
- b) Potestativamente, créditos de aplicación metodolóxica, mediante cursos ou seminarios relacionados coa metodoloxía e formación en técnicas de investigación (materias de tipo A).
- c) Potestativamente, créditos de natureza complementaria ou afín constituídos por cursos e seminarios que complementen e amplíen os contidos das materias de tipo A e B (materias de tipo C).

As materias de tipo B e as de tipo A terán un número de créditos non inferior a tres.

Art. 5. Período de investigación

No período de investigación o/a alumno/a realizará un ou varios traballos de investigación tutelados que lle permitirán obter os 12 créditos propios deste período. Nas propostas de programas de doutoramento presentarase unha relación de liñas de investigación, cos correspondentes membros do equipo docente vinculados a cada unha delas, nas que os alumnos poderán realizar os seus traballos.

Art. 6. Tipos de programas

1. Os programas de doutoramento poderán configurarse como ordinarios ou permanentes. No primeiro caso o programa será cursado por unha única promoción de estudantes. No segundo caso, articularase de maneira que as súas características, obxectivos e liñas xerais se manteñan invariables durante varios anos sucesivos, e poidan ser cursados por varias promocións de estudantes.
2. Os programas permanentes entenderanse automaticamente renovados todos os anos, sen necesidade de que o departamento ou instituto universitario responsable efectúe a tramitación dunha nova proposta, sempre que se manteñan as condicións que fixeron posible a súa aprobación.
3. Non obstante o anterior, os programas permanentes poderán ser actualizados introducindo modificacións do tipo que se especifican no parágrafo seguinte, dentro do prazo establecido anualmente para a elaboración dos programas. Estas modificacións, que deberán ser aprobadas pola Comisión de Doutoramento, non poderán afectar substancialmente aos obxectivos do programa.
4. As modificacións ás que se refire o parágrafo anterior son as seguintes: a) asignación de profesorado ás materias do programa; b) renovación dos compoñentes do equipo docente do programa; c) supresión, substitución e introdución de materias de tipo A ou B, de maneira que os cambios non involucren máis do 20% dos créditos do programa; d) supresión, substitución e introdución de materias de tipo C; e) cambio do departamento ou instituto universitario responsable e/ou do/a coordinador/a.
5. Cando un departamento ou instituto universitario responsable desexe extinguir un programa permanente, deberá comunicalo á Comisión de Doutoramento dentro do prazo ao que se refire o parágrafo 3.

Art. 7. Elaboración das propostas

1. As propostas de programas de doutoramento deberán ser aprobadas polo consello do departamento ou instituto universitario que vaia exercer a dirección académica, e recibir un informe dos restantes departamentos que participen no programa. As ditas propostas serán sometidas á aprobación da Comisión de Doutoramento.

2. Para tal efecto, dentro do prazo que estableza a dita Comisión, o departamento ou instituto universitario que se propón como responsable remitiralle á Comisión a seguinte documentación: a) formulario establecido para ese fin polo CPTF, onde se recolla a información que se detalla no parágrafo seguinte; b) certificado do acordo do consello do departamento ou instituto universitario aprobando a proposta; c) de ser o caso, informes dos departamentos participantes distintos do propoñente.
3. No formulario correspondente á proposta dun programa de doutoramento a que se refire o parágrafo anterior constarán os seguintes datos: a) o tipo de programa, ordinario ou permanente, e no segundo caso se a admisión de alumnos se realizará anual ou bianualmente; b) os obxectivos do programa; c) o equipo docente do programa, que estará integrado necesariamente por doutores; d) o número máximo de alumnos que poden acceder ao programa, que será común para todos os seus cursos e seminarios, e que non poderá ser inferior a dez; e) a titulación específica, os coñecementos previos e os requisitos necesarios para acceder ao período de docencia; f) os criterios de valoración de méritos para a selección e admisión de alumnos; g) a relación de cursos e seminarios indicando os seus títulos, créditos e tipos, os profesores responsables e a área ou áreas de coñecemento á que corresponden; h) as liñas de investigación, cos correspondentes membros do equipo docente vinculados a cada unha delas, nas que os alumnos poderán realizar os seus traballos de investigación tutelados; i) o procedemento que seguirá o tribunal único para efectuar a valoración dos coñecementos adquiridos nos cursos, seminarios e traballos de investigación realizados polos alumnos.

Art. 8. Xestión económica e financiamento

1. A USC establecerá nos seus orzamentos unha partida específica para os estudos de terceiro ciclo, co fin de dotar de medios e infraestrutura suficientes aos programas de doutoramento.
2. Igualmente a USC establecerá nos seus orzamentos ordinarios partidas específicas destinadas á dotación de bolsas para cubrir os prezos da matrícula para os estudos de terceiro ciclo, que o alumnado poderá solicitar no momento de formalizala.
3. Por proposta da Comisión de Doutoramento, a Xunta de Goberno establecerá anualmente os criterios de reparto da partida específica para os estudos de terceiro ciclo e fixará os criterios que se seguirán para a obtención das bolsas ás que fai referencia o apartado anterior. As convocatorias das mencionadas bolsas serán resolvidas polo CPTF.
4. As partidas asignadas a cada programa serán xestionadas polo/a director/a do departamento ou instituto universitario responsable.

Art. 9. Recoñecemento das actividades docentes

A USC incluírá no plano de organización docente dos departamentos a dedicación do profesorado en tarefas docentes e académicas relacionadas cos estudos de

terceiro ciclo. Así mesmo fixará límites no recoñecemento da dita dedicación para os departamentos e o profesorado.

Capítulo II: Acceso aos estudos de Terceiro Ciclo

Art. 10. Requisitos de acceso

1. Os estudantes que reúnan os requisitos necesarios poderán acceder a algunha das dúas etapas dos estudos de terceiro ciclo, dentro dos prazos que se establezan.
2. A admisión dos estudantes, na etapa de formación e na etapa de tese, realizarase, respectivamente, polo departamento ou instituto universitario responsable do programa de doutoramento ou por aquel no que o alumno pretenda realizar a súa tese.
3. Para a etapa de formación os aspirantes deberán posuír o título de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, ou nivel académico equivalente, acorde cos coñecementos previos e requisitos establecidos en cada programa.
4. Para a etapa de tese o/a aspirante deberá estar en posesión do diploma de estudos avanzados (DEA no que segue) expedido por unha universidade española, ou posuír unha titulación cun nivel académico equivalente.
5. A cada estudante admitido nun programa de doutoramento asignaráselle un/ha titor/a (ou varios titores). O/A titor/a (ou titores), que deberá ser membro do equipo docente e dalgún dos departamentos ou dos institutos universitarios participantes no programa, responsabilizarase de orientar o estudante na elección das materias do período docente e de dirixir ou avalar os seus traballos no período de investigación. Así mesmo realizará un seguimento da actividade e formación do/a estudante.

Art. 11. Alumnos con titulación estranxeira homologada

Os estudantes que teñan títulos equivalentes ao de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto, ou ao DEA, expedidos por unha universidade ou centro de ensino superior estranxeiros, poderán acceder aos estudos de terceiro ciclo previa homologación do seu título polo Ministerio de Educación e Cultura.

Art. 12. Alumnos con titulación estranxeira non homologada

Os estudantes con título estranxeiro sen homologar, poderán solicitar a admisión nos estudos de terceiro ciclo. Porén, o título de doutor/a ou o DEA que obteñan estes alumnos non producirá todos os efectos que lles outorga a lexislación vixente, en tanto non se acade a homologación á que fai referencia o artigo anterior. Esta circunstancia farase constar no título. A homologación poderá obterse e incorporarse ao expediente do/a estudante en calquera momento, incluso unha vez finalizada a etapa de formación ou a etapa de tese. Os

estudantes con título estranxeiro sen homologar necesitan dous requisitos para se matricularen nos estudos de terceiro ciclo:

- a) A admisión previa outorgada polo/a reitor/a, por proposta do servizo administrativo correspondente, na que se indicará a denominación do título estranxeiro e o seu recoñecemento para os efectos de cursar estudos de terceiro ciclo. A admisión previa deberá solicitarse dentro do prazo que se estableza para iso, acompañando o título con base no cal se desexa acceder aos estudos de terceiro ciclo e un certificado académico dos mencionados estudos, no que consten as materias e períodos académicos cursados. Todo o anterior presentarase debidamente legalizado (orixinais e fotocopias para o seu cotexo ou fotocopias autenticadas polos servizos consulares ou embaixadas españolas). A USC poderá considerar a admisión previa á etapa de tese se se acredita a obtención dun título estranxeiro equivalente ao DEA. No caso de non ser o idioma de orixe o castelán ou o portugués, deberase acompañar tamén unha tradución legalizada da documentación anteriormente citada. Nas admisións previas outorgadas polo/a reitor/a especificarase o título do sistema universitario español polo que é recoñecido o título estranxeiro e, no caso do DEA, o programa de doutoramento correspondente.
- b) A admisión na etapa de formación dun programa de doutoramento concreto, ou na etapa de tese, conforme aos criterios mencionados nos artigos 10 e 19 do presente regulamento, acompañando unha acreditación da admisión previa outorgada polo reitor.

Art. 13. Admisión na etapa de formación

1. Os estudantes que reúnan os requisitos recollidos no artigo 10.3 poderán acceder á etapa de formación dun programa de doutoramento, para o cal se establecerá un prazo de preinscrición. A mencionada solicitude presentarase na secretaría do departamento ou instituto universitario responsable.
2. Finalizado este prazo, o/a coordinador/a do programa reunirá o equipo docente para elaborar unha proposta de alumnos admitidos, coa súa correspondente lista da agarda, e o/a titor/a ou titores de cada alumno/a, de acordo cos criterios de selección establecidos no programa. A dita proposta será remitida ao/á director/a do departamento ou instituto universitario responsable do programa para a súa aprobación, se procede, polo seu consello. Unha vez aprobada, considerarase como relación provisional de admitidos e farase pública no taboleiro de anuncios do departamento ou instituto universitario responsable.

Art. 14. Reclamacións

1. Os aspirantes non admitidos poderán presentar unha reclamación ante o consello do departamento ou instituto universitario no prazo de dez días hábiles desde a publicación da citada lista provisional. Desestimada a reclamación polo consello do departamento ou instituto responsable, só caberá recurso perante a Comisión de Doutoramento.

2. Transcorrido o prazo de reclamacións e resoltas estas, o/a coordinador/a do programa remitirá ao CPTF a relación de alumnos admitidos, o/a titor/a ou titores de cada alumno/a, e unha copia dos impresos de preinscrición. Igualmente fará pública a mencionada lista no taboleiro de anuncios do departamento ou instituto universitario responsable.

Art. 15. Matrícula no período de docencia

1. Os alumnos admitidos formalizarán a súa matrícula no prazo e forma que estableza o CPTF, achegando a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso.
2. A matrícula dos alumnos no primeiro ano que cursen o período de docencia deberá incluír materias por un mínimo de 20 créditos, dos cales cando menos 15 deben corresponder a materias das consideradas fundamentais do seu programa (tipo B)
3. Para completar os créditos restantes neste período, os alumnos poderanse matricular de materias dos tipos A ou C do seu programa, ou ben de materias de calquera outro programa, debendo contar neste último caso coa autorización do/a correspondente coordinador/a.
4. Para todos os efectos, as materias doutro programa nas que se matricule o/a alumno/a, con independencia do seu tipo orixinal, serán consideradas no expediente do/a alumno/a como de tipo C.

Art. 16. Matrícula no período de investigación

1. Os alumnos que acaden os créditos do período de docencia mencionados no artigo anterior, poderanse matricular no período de investigación, no prazo e forma que estableza o CPTF.
2. A matrícula neste período deberá abranguer cando menos 12 créditos da materia "Traballo de Investigación Tutelado". Potestativamente o/a alumno/a poderá matricularse de cursos ou seminarios do seu programa ou, unha vez obtida a autorización do/a correspondente coordinador/a, doutros programas.
3. Non obstante o disposto no parágrafo 1, poderanse matricular neste período aqueles estudantes que teñan pendentes de superar un máximo de 6 créditos do período de docencia. A obtención destes créditos será requisito imprescindible para que a cualificación da materia "Traballo de Investigación Tutelado" teña plenos efectos académicos.

Art. 17. Matrícula complementaria

Ademais da matrícula ordinaria que se menciona nos artigos anteriores, existirá un réxime de matrícula complementaria no período de docencia e que será aplicable nos casos seguintes:

- a) Alumnos que estean cursando a etapa de formación dun programa de doutoramento noutra universidade para cursar materias fóra do seu propio programa.
- b) Alumnos en posesión do DEA, que estean matriculados na etapa de tese na USC ou noutra universidade española, e sexan autorizados para cursaren materias do período de docencia dun programa de doutoramento.
- c) Alumnos procedentes de universidades estranxeiras, en virtude de convenio coa USC, e que unicamente desexen realizar unha parte dos estudos do período de docencia.

As materias cursadas reflectiranse nos expedientes dos alumnos da USC, e serán cualificadas de acordo co establecido neste regulamento e consideradas como materias de tipo C. Para aqueles alumnos procedentes doutras universidades abriráselles un expediente académico específico que, de ser o caso, servirá de base para certificar os estudos cursados. A matrícula regulada no presente artigo requirirá a autorización do/a correspondente coordinador/a.

Art. 18. Traslados de expediente

Os aspirantes admitidos para continuaren os estudos de terceiro ciclo correspondentes á etapa de formación que procedan doutras universidades incoarán o proceso de traslado de expediente de maneira simultánea á súa matrícula.

Art. 19. Admisión na etapa de tese

1. Os estudantes que reúnan os requisitos recollidos no artigo 10.4 poderán solicitar a admisión na etapa de tese, para o cal se establecerá un prazo de preinscrición. A solicitude presentarase na secretaría do departamento ou instituto universitario no que se vaian realizar os estudos correspondentes a esta etapa.
2. A solicitude deberá ir acompañada dun proxecto de tese avalado por un/nha doutor/a ou varios doutores que actuarán como director/a ou codirectores de tese. No caso de que ningún/nha deles/as pertenza ao departamento ou instituto universitario no que se vaian a realizar os estudos da etapa de tese, irá avalada así mesmo por un/nha doutor/a do dito departamento ou instituto universitario, que actuará como titor/a. No proxecto de tese especificarase o título deste e detallaranse os obxectivos da investigación que se vaia realizar, que deberá corresponder a unha materia relacionada co campo científico, técnico ou artístico propio do programa de doutoramento realizado polo alumno.
3. Rematado o prazo de preinscrición, o consello do departamento ou instituto universitario correspondente realizará a selección de alumnos admitidos. A admisión comporta a aprobación do correspondente proxecto de tese, e de ser o caso, a aprobación da dirección da tese por parte de doutores alleos ao departamento ou instituto universitario. A lista provisional resultante farase pública no taboleiro de anuncios do departamento ou instituto universitario.

Art. 20. Reclamacións

1. Os aspirantes non admitidos poderán presentar unha reclamación ante o/a director/a do departamento ou instituto universitario no prazo de dez días hábiles desde a publicación da citada lista provisional. Desestimada a reclamación polo consello do departamento ou instituto universitario, só caberá recurso ante o Comisión de Doutoramento.
2. Transcorrido o prazo de reclamacións e resoltas estas, o/a director/a do departamento ou instituto universitario remitirá ao CPTF a lista definitiva de alumnos, e os seus directores ou codirectores de tese e, de ser o caso, o seus titores, xunto cos seus respectivos proxectos de tese. Igualmente fará pública a mencionada lista no taboleiro de anuncios do departamento ou instituto universitario.

Art. 21. Matrícula na etapa de tese

1. Os alumnos admitidos na etapa de tese formalizarán unha matrícula de tutela académica no prazo e forma que estableza o CPTF, achegando a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso, e unha certificación do departamento ou instituto universitario correspondente onde se especifique a dedicación do alumno. Ademais da matrícula de tutela académica, o/a alumno/a poderá matricularse en cursos ou seminarios de programas de doutoramento, tras a autorización do/a correspondente coordinador/a, de acordo co disposto no artigo 17.
2. Nos cursos académicos sucesivos nos que o/a alumno/a estea realizando a etapa de tese, formalizará unha matrícula de tutela académica por curso académico no prazo e forma que estableza o CPTF, achegando un informe do/a director/a do departamento ou instituto universitario correspondente onde se acredite que o/a alumno/a continúa realizando estudos relativos á dita etapa e a súa dedicación a ela. Así mesmo, o/a alumno/a poderá matricularse en cursos ou seminarios de programas de doutoramento, logo da autorización do/a correspondente coordinador/a, de acordo co disposto no artigo 17.
3. Os alumnos matriculados na etapa de tese con dedicación a tempo completo serán considerados estudantes de terceiro ciclo sempre que non transcorreran máis de tres cursos académicos desde a finalización do curso no que obtiveron o DEA. Nos demais casos, os alumnos matriculados na etapa de tese serán considerados estudantes adscritos de terceiro ciclo.

Capítulo III: Desenvolvemento da etapa de formación

Art. 22. Calendario

O CPTF fixará o calendario de elaboración e aprobación dos programas de doutoramento, así como os períodos para a preinscrición, matrícula e entrega de actas de avaliación. Con anterioridade ao comezo do prazo de matrícula, os

coordinadores dos programas farán pública a programación das actividades docentes do seu programa correspondente a cada curso académico, e remitirán unha copia ao CPTF. A dita programación incluírá, polo menos, unha relación das aulas e dos horarios correspondentes a cada un dos cursos e seminarios do programa.

Art. 23. Cambio de titor/a

Durante a etapa de formación, o alumno poderá solicitar motivadamente o cambio de titor/a ou titores ao/á coordinador/a do programa de doutoramento, mediante escrito que deberá contar co visto e praxe do/a novo/a titor/a ou titores propostos. O/A coordinador/a, oído o/a titor/a ou titores saíntes, presentará unha proposta sobre o cambio ao departamento ou instituto universitario responsable, cuxo consello debera resolvelo nun prazo non superior a 30 días desde a presentación da solicitude. Unha vez resolta, o/a coordinador/a poñerá en coñecemento do CPTF.

Art. 24. Obtención dos créditos

1. A cualificación das materias, cursos, seminarios e traballos de investigación tutelados realizarase polo/a profesor/a, de acordo coa seguinte escala:
 - 0 - 4,9
 - 5 - 6,9
 - 7 - 8,9
 - 9 - 10
2. A entrega, custodia e modificación das actas farase seguindo as instrucións ditadas para este efecto pola Secretaría Xeral.

Art. 25. Certificado do período de docencia

1. Os alumnos que superaran 20 créditos no período de docencia, dos cales cando menos 15 fosen de tipo B do seu programa, terán dereito á obtención do certificado do período de docencia do terceiro ciclo, que será tramitado polo CPTF.
2. No certificado do período de docencia de terceiro ciclo constará o programa de doutoramento cursado e a cualificación global obtida como resultado de tomar a media ponderada das cualificacións obtidas nas diferentes materias (excepto as correspondentes a créditos obtidos por recoñecemento), de acordo coa correspondente normativa de xestión académica.

Art. 26. Traballo de investigación tutelado

1. O traballo ou traballos de investigación tutelados do período de investigación conterán unha ou varias contribucións orixinais ao desenvolvemento da liña de investigación na que o dito traballo estea encadrado, e serán recollidos nunha

memoria. Esta deberá estar encadernada e levará unha páxina onde conste o visto e praxe do/a director/a do traballo e a sinatura do alumno. O traballo ou traballos recollidos nesa memoria non poderán ter sido xulgados ou cualificados con anterioridade nunha institución académica.

2. O traballo ou traballos de investigación tutelados poderán ser dirixidos polo/a titor/a (ou titores) ou por un/nha doutor/a (ou doutores) alleo/a (alleos) ao conxunto dos membros do equipo docente que pertencen aos departamentos ou institutos universitarios participantes no programa. No segundo caso o/a director/a (ou directores), antes do inicio do traballo ou traballos, deberá presentar ao/á coordinador/a do programa o proxecto do traballo ou traballos de investigación que realizará o/a alumno/a.
3. O dito proxecto deberá estar avalado polo/a titor/a (ou titores) e aprobado polo consello do departamento ou instituto universitario responsable.
4. O traballo ou traballos de investigación tutelados realizados por un/nha alumno/a para superar os 12 créditos do período de investigación serán cualificados, logo dunha exposición pública anunciada coa debida antelación, por unha comisión formada por tres membros. Un deles será o titor ou algún dos titores. Os outros dous serán nomeados polo consello do departamento ou instituto universitario responsable, por proposta do/a coordinador/a entre os membros do equipo docente. Como mínimo, un dos membros da comisión terá experiencia investigadora avalada por un sexenio de investigación. O/A alumno/a fará chegar coa antelación debida un exemplar da memoria a cada un dos membros da comisión.
5. A obtención dos créditos asignados ao traballo de investigación tutelado requirirá a obtención da cualificación de "aprobado", "notable" ou "sobresaliente"
6. Os alumnos que superaran os 12 créditos do período de investigación serán considerados para a obtención da suficiencia investigadora e o DEA.

Art. 27. Tribunal único do programa

1. No mes de febreiro de cada curso académico, e por petición do/a coordinador/a, o consello do departamento ou instituto universitario responsable do programa remitirá á Comisión de Doutoramento, para a súa aprobación, a proposta do tribunal encargado de valorar a suficiencia investigadora dos estudantes de terceiro ciclo que finalizan a etapa de formación, que será único para cada programa.
2. O dito tribunal único estará formado por tres doutores, dos cales: a) un non poderá ser membro do equipo docente nin dos departamentos e institutos universitarios participantes no programa, podendo ser doutro departamento ou instituto universitario, doutra universidade ou do Consello Superior de Investigacións Científicas; b) cando menos un terá a condición de catedrático/a de universidade e actuará como presidente/a; c) como mínimo dous terán cando menos un sexenio de investigación concedido.

Art. 28. Actuación do tribunal único

1. O tribunal único fará unha valoración dos coñecementos adquiridos nos cursos, seminarios e traballos de investigación realizados polos alumnos que superaran o período de investigación.
2. A dita valoración realizarase en período lectivo, nunha ou en varias sesións públicas, seguindo o procedemento de valoración do programa de doutoramento. Para cada sesión realizarase unha convocatoria, que se fará pública cando menos con 5 días lectivos de antelación, na que se recollerá, cando menos, o dito procedemento de valoración e a lista de alumnos convocados.
3. O tribunal único remitirá ao CPTF unha acta onde se recolla a relación de alumnos que superaron a valoración e que propón para a obtención da suficiencia investigadora e o DEA, con indicación da área de coñecemento á que se deberá vincular o dito diploma.

Art. 29. Diploma de estudos avanzados

1. A área de coñecemento á que se vincula o DEA será aquela na que o/a alumno/a obtivera un maior número de créditos nas materias de tipo A e B, e na materia "Traballo de Investigación Tutelado". No caso desta última materia, a área de coñecemento á que se vinculan os créditos será a área do titor e de ter varios titores de áreas de coñecemento diferentes, os 12 créditos repartiranse a partes iguais entre as distintas áreas.
2. No anverso do DEA figurará o programa de doutoramento e a área de coñecemento á que fose vinculado.
3. No reverso do DEA figurarán os cursos e seminarios superados cos créditos e as cualificacións, o título do traballo ou traballos de investigación tutelados realizados, e a cualificación media ponderada no programa (CMP) obtida como resultado de tomar a media ponderada das cualificacións obtidas nos diferentes cursos ou seminarios (excepto os correspondentes a créditos obtidos por recoñecemento) e na materia "Traballo de Investigación Tutelado", de acordo coa correspondente normativa de xestión académica.

Capítulo IV: Desenvolvemento da etapa de tese

Art. 30. Elaboración da tese

1. Durante a etapa de tese realizaranse o traballo ou traballos de investigación dirixidos polo/a director/a ou codirectores de tese que culminen coa elaboración da tese de doutoramento.
2. A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación relacionado cos campos científico, técnico ou artístico do programa de doutoramento cursado polo/a doutorando/a.

3. A tese de doutoramento redactarase, como norma xeral, en lingua galega ou castelá excepto as teses das filoloxías modernas, que poderán redactarse nas súas linguas correspondentes. Non obstante a Comisión de Doutoramento poderá autorizar a súa redacción noutro idioma, logo do informe do departamento ou instituto universitario, sempre que se garanta que o tribunal estará en condicións de xulgala. No caso de que a tese se redacte nunha lingua distinta do galego, castelán ou portugués, esta deberá incluír un anexo, encadernado no propio volume da tese, contendo un resumo de, polo menos, tres mil palabras en galego ou castelán.
4. Os exemplares da tese de doutoramento deberán estar encadernados e levarán unha páxina no seu comezo na que conste: a) o visto e prace do/da director/a ou codirectores da tese; b) cando o/a director/a ou os codirectores non sexan doutores do departamento ou instituto universitario, o visto e prace do/da titor/a; c) a sinatura do/da doutorando/a. As sinaturas correspondentes aos apartados, a) e, de ser o caso, b) supón a autorización por parte do/da asinante para a presentación da tese á admisión previa.

Art. 31. Modificación do proxecto de tese

1. Durante o desenvolvemento da etapa de tese o/a alumno/a poderá solicitar ao director/a do departamento ou do instituto universitario correspondente a modificación total ou parcial do seu proxecto de tese e/ou o cambio de dirección ou, de ser o caso, de titor/a.
2. A solicitude de cambio de dirección deberá contar coa aceptación do/da novo/a director/a ou directores, así como dos anteriores que continúen na dirección.
3. Para o cambio de titor/a, a solicitude incluírá o visto e prace do/a novo/a titor/a.
4. A solicitude de modificación do proxecto de tese deberá ir acompañada do novo proxecto, e ambos deberán contar co visto e prace do/da director/a ou codirectores de tese e, de ser o caso, do/da titor/a.
5. As solicitudes dos cambios citados serán consideradas polo consello do departamento ou instituto universitario correspondente para a súa aprobación, se procede. Non obstante, nos casos recollidos nos apartados 2 e 3, o/a director/a do departamento obterá informes dos directores ou titores previos para a súa consideración polo citado consello. Adoptada a resolución correspondente, o/a director/a do departamento ou do instituto universitario fará chegar ao Servizo de Xestión Académica unha relación das modificacións ou cambios aprobados.

Art. 32. Presentación da tese no departamento

Rematada a elaboración da tese de doutoramento, o/a doutorando/a fará o depósito da mesma no departamento ou instituto universitario, achegando a seguinte documentación:

- a) Un exemplar impreso da tese de doutoramento, asinado polo/a doutorando/a, polo/a director/a ou codirectores e, de ser o caso, polo titor. Este exemplar non poderá ser substituído unha vez efectuado o depósito.
- b) Un soporte electrónico que conteña:
 - 1. Copia da tese en formato pdf protexido (este exemplar tampouco poderá ser substituído unha vez efectuado o depósito e deberá ter o mesmo contido que o exemplar impreso);
 - 2. Resumo actualizado da tese.
- c) Informe favorable do/a director/a da tese.
- d) Curriculum vitae do/a doutorando/a.
- e) Relación das patentes solicitadas e dos libros, artigos ou actas publicados, ou en proceso de publicación, orixinado polo traballo de investigación que culminou na elaboración da tese.
- f) Autorización, de ser o caso, para a difusión da tese.
- g) Solicitude, de ser o caso, de Mención Europea no título de Doutor/a, achegando:
 - 1. unha acreditación de estancia mínima de tres meses fora de España, nunha institución de ensino superior ou centro de investigación dun Estado membro da Unión Europea, cursando estudos ou realizando traballos de investigación recoñecido pola USC;
 - 2. indicación dun mínimo de dous expertos que vaian a informar sobre a tese e sexan membros de institucións de educación superior ou de institutos de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España, co título de doutor.

Art. 33. Admisión previa a trámite da tese

- 1. Á vista do depósito dunha tese de doutoramento, o/a director/a do departamento ou instituto universitario comunicarao a todos os seus membros doutores e poñeraa á súa disposición, na secretaria do departamento ou instituto universitario, para o seu exame, durante un prazo mínimo de 5 e máximo de 20 días lectivos. Os membros doutores do departamento ou instituto universitario poderán remitir á comisión de doutoramento as consideracións que estimen oportunas acerca do contido da tese de doutoramento, sen prexuízo de facelas chegar tamén ao/a director/a do departamento ou instituto universitario. Ademais, de ter o/a doutorando/a solicitada a Mención Europea no título de Doutor/a, o/a director/a do departamento ou instituto solicitará os dous informes previstos no art. 32.g.
- 2. Rematado o prazo ao que fai referencia o apartado anterior, o/a director/a do departamento ou instituto universitario convocará o seu consello, nun prazo máximo de 10 días lectivos para aprobar, se procede, a admisión previa a trámite da tese e, de ser o caso, o centro ao que se vincula esta para os efectos de premio extraordinario de doutoramento. No dito consello o/a

director/a do departamento ou instituto universitario poñerá a disposición dos seus membros as consideracións acerca do contido da tese que se recibiran, incluídas as de membros expertos previstos no art. 32.g no caso de que o/a doutorando/a solicite a Mención Europea no título de doutor/a.

3. Unha vez aprobada a admisión previa a trámite da tese de doutoramento, o/a director/a do departamento ou instituto universitario remitirá á Comisión de Doutoramento:
 - a. unha certificación do acordo do consello do departamento ou instituto universitario ao respecto;
 - b. un informe razoado sobre o centro ao que se vincula á tese para os efectos de premio extraordinario de doutoramento;
 - c. o exemplar da tese así coma os outros documentos mencionados no artigo 32, e toda a documentación que o proceso de avaliación da tese xerara.
 - d. Unha proposta de expertos na materia que poidan formar parte do tribunal encargado de xulgarla; incluíndo, no caso de que o/a doutorando/a solicite a Mención Europea no título de Doutor/a, polo menos un/nha experto/a pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España e distinto do/da responsable da estancia mencionada no artigo 32.g.1 e dos expertos mencionados no artigo 32.g.2, para asegurar que un membro destas características forme parte do tribunal avaliador da tese.
4. No caso de que a admisión previa da tese non sexa aprobada polo consello de departamento ou instituto universitario, este emitirá un informe razoado da decisión tomada e remitirao ao/á solicitante.

Art. 34. Proposta do tribunal

1. O consello do departamento ou instituto universitario no que unha tese de doutoramento obtivera a admisión previa a trámite, oído o/a director/a ou os codirectores de tese, ou, de ser o caso, o/a titor/a, elaborará unha proposta de dez doutores especialistas na materia a que se refire a tese ou noutra que garde afinidade con ela. Incluírá, no caso de que o/a doutorando/a solicite a Mención Europea no título de Doutor/a, polo menos un/nha experto/a pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España e distinto do/da responsable da estancia mencionada no artigo 32.g.1 e dos expertos mencionados no artigo 32.g –apartados 1 e 2–, para asegurar que un membro destas características forme parte do tribunal avaliador da tese. Esta proposta irá acompañada dun informe razoado sobre a idoneidade de todos e cada un dos membros propostos para xulgar a tese. Na elaboración da proposta teranse en conta as características do tribunal xulgador recollidas no artigo posterior.

2. O/A director/a do departamento ou instituto universitario remitirá a proposta á Comisión de Doutoramento e solicitará desta a designación do tribunal que ha de xulgar a tese de doutoramento.

Art. 35. O tribunal xulgador da tese

O tribunal xulgador dunha tese de doutoramento estará formado por cinco membros titulares e dous membros suplentes. Na súa composición deben respectarse os seguintes requisitos:

- a) Todos os membros deberán ser doutores e con experiencia investigadora acreditada. Os profesores pertencentes aos corpos docentes universitarios poderán formar parte dos tribunais aínda que estean en situación de excedencia ou xubilados.
- b) Do total de membros titulares e suplentes, non poderá haber máis de dous da mesma universidade.
- c) En ningún caso, poderán formar parte do tribunal o/a director/a ou codirectores da tese nin, de ser o caso, o/a titor/a, salvo nos casos de teses presentadas no marco de acordos bilaterais de cotutela con universidades estranxeiras que así o teñan previsto.
- d) No caso de que se trate dunha tese que solicita a Mención Europea no título de Doutor/a o tribunal que a xulgue deberá ter polo menos un/nha experto/a pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España e distinto do/da responsable da estancia mencionada no artigo 32.g.1 e dos expertos mencionados no artigo 32.g –apartados 1 e 2–.

Art. 36. Depósito da tese

A Comisión de Doutoramento, unha vez recibida a documentación á que fai referencia o artigo 33.3, considerará a tese de doutoramento depositada, e informará a todos os departamentos e institutos universitarios da súa recepción. A Comisión de Doutoramento e os departamentos e institutos universitarios garantirán a difusión e publicidade da realización do depósito da tese de doutoramento indicando o lugar onde esta pode ser consultada. Durante un prazo de 15 días lectivos, calquera doutor/a poderá examinar o exemplar da tese en depósito e, de ser o caso, dirixir por escrito ao presidente/a da Comisión de Doutoramento as consideracións que estime oportunas acerca do contido da tese de doutoramento.

Art. 37. Admisión a trámite da tese

Rematado o prazo de depósito, a Comisión de Doutoramento dispoñerá do tempo necesario para decidir acerca da admisión da tese de doutoramento a trámite ou se, pola contra, procede retirala. Esta decisión basearase nos escritos con consideracións acerca do contido da tese recibidos, e nas consultas ao

departamento ou instituto universitario e aos especialistas que considere oportuno realizar.

Art. 38. Nomeamento do tribunal

Unha vez admitida a tese a trámite, a Comisión de Doutoramento nomeará os cinco membros titulares e os dous suplentes do tribunal que a xulgará, de entre os especialistas propostos polo departamento ou instituto universitario, oídos, se o considera oportuno, o/a director/a ou codirectores da tese e os especialistas que a Comisión estime. Entre os membros designados nomeará un/nha presidente/a e un/nha secretario/a do tribunal.

Art. 39. Informes dos membros do tribunal

1. Nomeado o tribunal, a Comisión de Doutoramento comunicará a súa composición ao/á director/a do departamento ou instituto universitario e ao/á doutorando/a. Dentro dos quince días seguintes á recepción da dita comunicación, o/a doutorando/a fará chegar ao departamento ou instituto sete exemplares da tese e dos documentos mencionados no artigo 32.d) e 32.e), que o departamento ou instituto remitiralles aos membros do tribunal.
2. Así mesmo a Comisión de Doutoramento remitirá unha copia do nomeamento a cada un dos membros do tribunal, e comunicaralles que dispoñen de un mes para enviar á Comisión de Doutoramento un informe individual e razoado no que se valore a tese e conste explicitamente a súa aprobación ou non para que a tese sexa defendida publicamente. Potestativamente, a Comisión de Doutoramento poderá solicitar aos membros do tribunal nomeados que os seus informes se axusten a un modelo normalizado ou que, ocasionalmente, inclúan respostas a preguntas concretas acerca do contido da tese de doutoramento.
3. A remisión do informe implica a aceptación como membro do tribunal.

Art. 40. Autorización da defensa pública da tese

Á vista dos informes aos que se refire o artigo anterior, a Comisión de Doutoramento resolverá se procede ou non a defensa pública da tese. Antes de resolver, o/a director/a ou codirectores de tese poderán ser chamados pola Comisión de Doutoramento co fin de obter a información que se considere oportuna para fundamentar a decisión. No caso de resolución negativa, a Comisión de Doutoramento acordará a interrupción dos trámites da defensa pública da tese e remitirá ao/á doutorando/a unha copia da resolución motivada que expresará as observacións e razóns que xustifiquen a decisión e, de ser o caso, a canle oportuna para emendar os defectos observados.

Nos supostos de non-autorización da defensa da tese, a comisión deberalles comunicar por escrito ao/á doutorando/a, ao/á director/a da tese e ao departamento ou instituto responsables do programa de doutoramento, as razóns da súa decisión.

Art. 41. Momento e lugar da defensa pública da tese

Aceptada a defensa pública da tese pola Comisión de Doutoramento, o/a presidente/a do tribunal, de acordo co/a director/a do departamento ou instituto universitario, convocará o acto de defensa da tese. O/A secretario/a do tribunal comunicará á Comisión, ao/a doutorando/a e ao departamento ou instituto, cunha antelación mínima de dez días naturais á súa celebración, a data, hora e lugar da defensa. O mes de agosto se considera inhábil para estes efectos. O departamento ou instituto fará pública a convocatoria e comunicaraa ao CPTF.

Art. 42. Matrícula da tese

Seguidamente, e logo de que a Comisión de Doutoramento autorice a defensa pública da tese, o/a doutorando/a deberá efectuar a matrícula correspondente no Servizo de Xestión Académica coa antelación suficiente.

Art. 43. Actas

1. Una vez feita a matrícula, a Comisión de Doutoramento remitirá ao/a secretario/a do tribunal, a través do/a director/a do departamento ou instituto universitario, os documentos que deberán ser cubertos no acto de defensa da tese de doutoramento:
 - a) acta de constitución;
 - b) acta da sesión;
 - c) a ficha do resumo da tese de doutoramento;
 - d) o sobre oficial para recoller os informes confidenciais sobre a tese para os efectos do premio extraordinario de doutoramento.
2. Concluído o acto de defensa pública da tese, o/a secretario/a do tribunal devolverá, persoalmente ou a través do/a director/a do departamento ou instituto universitario, a documentación recollida no apartado 1, debidamente cuberta, ao Servizo de Xestión Académica para o seu arquivo e documentación.

Art. 44. Defensa pública da tese

1. O acto de mantemento e defensa da tese terá lugar en sesión pública.
2. A defensa da tese de doutoramento consistirá na exposición polo/a doutorando/a do labor preparatorio realizado, a metodoloxía, contido da tese e conclusións, facendo especial mención das súas contribucións orixinais.
3. Os membros do tribunal deberán expresar a súa opinión sobre a tese e poderán formular cantas cuestións e obxeccións consideren oportunas, ás que o doutorando/a haberá de contestar.
4. Así mesmo, os doutores presentes no acto poderán formular cuestións e obxeccións, e o/a doutorando/a responder, todo isto no momento e forma que sinala o/a presidente/a do tribunal.

Art. 45. Cualificación

1. Rematada a defensa da tese de doutoramento, cada membro do tribunal formulará por escrito unha valoración sobre ela.
2. O tribunal emitirá a cualificación global que finalmente lle concede á tese de acordo á seguinte escala: non apto, aprobado, notable e sobresaliente. O tribunal poderá outorgar a mención de "cum laude" se a cualificación global é de sobresaliente e se emite en tal sentido o voto por unanimidade.
3. O tribunal pode facer constar no expediente calquera valoración singular da tese, que no seu caso será tida en conta para outorgar mencións honoríficas ou premios.

Art. 46. O título de doutor

Os alumnos que obtiveran unha cualificación de "aprobado" ou superior terán dereito á expedición polo/a reitor/a da Universidade, no nome de O-Rei, do título de "Doutor/a pola Universidade de Santiago de Compostela", que mencionará expresamente o recollido no anexo I segundo do Real decreto 778/1998, do 30 de abril.

Art. 47. Mencións honoríficas e premios

A USC poderá outorgar as acreditacións, mencións honoríficas ou premios a aquelas teses de doutoramento que o merezan, o cal poderá ser reflectido no correspondente título, en especial:

- a) Premio extraordinario de doutoramento, regulado no capítulo VI do presente regulamento.
- b) Mención Europea no título de doutor, segundo o regulado nos artigos 32, 33, 34, 35 e no capítulo VII do presente regulamento.

Capítulo V: Validacións, adaptacións e recoñecemento de créditos

Art. 48. Validación de créditos

1. Os cursos, seminarios e traballos de investigación (materias) realizados nun programa de doutoramento dunha universidade española segundo o disposto no Real decreto 778/1998 ou no Real decreto 185/1985 e que recibiran a cualificación de "aprobado" ou superior, poderán ser validados polos equivalentes dun programa de doutoramento da USC, de acordo co procedemento regulado no presente capítulo.
2. Para seren validadas, deberá existir unha afinidade en duración e contidos suficiente entre as materias do programa e as que se pretende validar. No caso dos traballos de investigación deberá existir unha afinidade entre o traballo realizado e as liñas de investigación correspondentes ao programa.

3. Non se poderá efectuar validacións parciais de créditos agás no caso dos traballos de investigación, e mediante unha proposta razoada.
4. No caso de que a afinidade temática entre as materias cursadas e as que se pretende validar non se considere suficiente, poderían figurar na proposta como recoñecementos de créditos do tipo C, de acordo co regulado no artigo seguinte.

Art. 49. Recoñecemento de créditos

1. Poderanse recoñecer como superados os créditos correspondentes ao período de docencia pola realización de estudos ou cursos non recollidos no artigo anterior, cando reúnan as seguintes condicións:
 - a) deberán ser organizados por universidades ou organismos de ensino superior de recoñecida solvencia;
 - b) ser impartidos por doutores;
 - c) haberán de ser cursos dirixidos a licenciados ou titulacións equivalentes, e cursados polo alumno unha vez concluídos os seus estudos de licenciatura ou estudos equivalentes;
 - d) gardarán afinidade temática suficiente co programa de doutoramento do alumno;
 - e) deberán obter unha cualificación expresa equivalente a "aprobado" ou superior.
2. Os créditos que se recoñezan como superados por este procedemento serán de tipo C.

Art. 50. Programas de intercambio

Poderanse recoñecer estudos de terceiro ciclo correspondentes á etapa de formación realizados en universidades estranxeiras a través de programas de intercambio de estudantes, cando se cumpran os seguintes requisitos: a) aprobación previa ao desprazamento do estudante, polo titor e o consello do departamento ou instituto universitario responsable do programa, dos estudos que seguirá no centro estranxeiro, e das materias que lle serán recoñecidas, de ser o caso; b) autorización do/a coordinador/a do programa de intercambio.

Art. 51. Adaptacións

1. Os alumnos que superasenn parcialmente o contido dun programa de doutoramento dos contemplados no artigo 48.1, que non teña continuidade, e desexen finalizar a etapa de formación, poderán solicitar a adaptación a un programa que garde afinidade temática aboada co anterior.
2. Este suposto implicará o inicio dun novo expediente académico e o mantemento das cualificacións das materias superadas que sexan adaptadas

Art. 52. Normas comúns

Normas comúns para as validacións e recoñecemento de créditos reguladas nos artigos anteriores:

1. O/A solicitante deberá estar aceptado e matriculado no programa de doutoramento para o que pretenda a validación ou recoñecemento das materias e créditos superados.
2. O/A interesado/a dirixirá a súa solicitude ao/á coordinador/a do programa, acompañando o certificado das materias cursadas, dos créditos obtidos no programa ou estudos de orixe, no que se especificarán as cualificacións obtidas.
3. O/A coordinador/a fará unha proposta de validación ou recoñecemento de créditos ao consello do departamento ou instituto universitario responsable, na que se recollerá a relación de cursos, seminarios ou traballos de investigación do programa susceptibles de validación, ou o número de créditos que se consideran recoñecibles, segundo os casos. Unha vez obtido o informe favorable do consello, o/a coordinador/a remitirao á Comisión de Doutoramento, que procederá ao seu estudo e aprobación, de ser o caso.
4. As materias validadas conservarán a súa cualificación de orixe. En todo caso deberán mencionarse as materias do programa que son validadas así como as materias cursadas polo/a alumno/a.
5. Os créditos superados por recoñecemento non se computarán para a obtención da cualificación media ponderada (CMP). No caso de que correspondan a materias superadas polo/a alumno/a nun programa de doutoramento de calquera universidade española conservarán a cualificación de orixe, e nos demais casos a cualificación será de "aprobado".
6. Os créditos validados ou recoñecidos regulados no presente capítulo reportarán os prezos públicos que corresponda, de acordo coa normativa vixente.

Art. 53. Adxudicación previa de créditos

1. Os centros, departamentos e institutos universitarios da USC, así como os doutras universidades e organismos de investigación ou educación superior, poderán solicitar a adxudicación previa de créditos de terceiro ciclo para cursos ou seminarios que cumpran as seguintes condicións:
 - a) estar expresamente dirixidos a licenciados;
 - b) ser impartidos por doutores;
 - c) esixir un rigoroso control de asistencia;
 - d) avaliar os alumnos asistentes.
2. A solicitude deberá dirixirse á Comisión de Doutoramento cunha antelación mínima de tres meses á data de inicio do curso, xunto co calendario e horario detallado do curso, nome e titulación académica dos conferenciantes, destinatarios do curso, e tipo de control de asistencia e/ou avaliación prevista.
3. Os créditos adxudicados serán sempre do tipo C.

4. Para o seu recoñecemento, o alumno deberá solicitalo ao CPTF achegando o certificado de asistencia e/ou participación e, de ser o caso, a cualificación correspondente. No expediente do/a alumno/a farase constar o nome do curso e o número de créditos que se lle recoñeceron.

Capítulo VI: Premio Extraordinario de doutoramento

Art. 54. Valoración dos membros do tribunal

1. Cando a tese acade a cualificación de sobresaliente cum laude, cada un dos membros do tribunal emitirá unha serie de valoracións numéricas confidenciais no formulario específico enviado pola Comisión de Doutoramento, para os efectos exclusivos da obtención do premio extraordinario de doutoramento.
2. A dita valoración ponderará o nivel das contribucións orixinais da tese e o seu grao de innovación dentro do campo de coñecemento que corresponda.

Art. 55. Clasificación das teses por centros

1. O CPTF clasificará por centros, cada curso académico, as teses de doutoramento correspondentes ao curso académico precedente, coa finalidade de poder comparar traballos de investigación da mesma especialidade ou especialidades afíns.
2. Para tal efecto, na resolución de admisión previa a trámite da tese, o departamento ou instituto universitario deberá establecer o centro ao que esta se vincula.
3. Para que as teses poidan ser seleccionadas para efectos do premio extraordinario, será necesario que no período e centro se presentasen como mínimo tres teses de doutoramento. De non se acadar ese mínimo, as teses acumularanse para o seguinte curso académico.
4. Concederase como máximo un premio extraordinario por cada cinco (ou fracción) teses vinculadas a cada centro.

Art. 56. Teses que optan ao premio

1. O CPTF seleccionará, cada curso académico, de entre todas as teses de doutoramento que acadasen a cualificación de sobresaliente cum laude, aquelas que acaden como mínimo un 80% da valoración máxima á que se refire o artigo 54.1.
2. O CPTF remitirá ao centro que corresponda a lista das teses seleccionadas para optar ao premio extraordinario, xunto con: a) a cualificación obtida por cada unha delas a partir das valoracións confidenciais dos membros do tribunal de tese; b) a CMP relativa descrita no artigo 58.e e unha certificación do expediente académico dos correspondentes doutores; c) unha copia dos documentos recollidos no artigos 32.d e 32.e relativos aos devanditos doutores.

3. No mes de febreiro de cada curso académico cada centro fará pública a relación de teses seleccionadas para o premio extraordinario, e establecerá un prazo non inferior a un mes para que os correspondentes doutores poidan solicitar concorrer ao premio extraordinario de doutoramento. A solicitude irá dirixida ao/á decano/a ou director/a do centro e deberá ir acompañada da seguinte documentación: a) un exemplar da tese; b) curriculum vitae actualizado do interesado; c) relación actualizada das patentes solicitadas e dos libros, artigos ou actas publicados, ou en proceso de publicación, orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese.

Art. 57. Comisión xulgadora

1. Os centros afectados propoñerán cada curso académico unha comisión para resolver a concesión dos premios extraordinarios de doutoramento. Para poder pertencer á dita comisión teranse que cumprir os seguintes requisitos: a) ter cando menos un sexenio de investigación concedido; b) non ser un dos directores, codirectores ou titores das teses seleccionadas; c) non ser coautor/a de ningunha das patentes, artigos ou actas ás que fai referencia o artigo 32.e.
2. A comisión estará constituída, como mínimo, por cinco membros titulares e cinco suplentes que deberán cumprir os requisitos recollidos no parágrafo anterior. Na súa composición garantirase a presenza de, polo menos, un/nha membro de cada departamento e de cada instituto universitario que teña algunha tese seleccionada. A comisión será proposta polo centro, indicando o seu presidente/a e secretario/a, e nomeada pola Comisión de Doutoramento.
3. A comisión, unha vez constituída, e logo do exame da documentación achegada e das deliberacións oportunas, resolverá por maioría a proposta das teses merecedoras de premio extraordinario, axustándose ao número máximo previsto no artigo 55.4, e aos criterios de avaliación que establece o artigo seguinte.

Art. 58. Avaliación das teses

A comisión avaliará as teses seleccionadas outorgando a cada unha delas unha cualificación final entre 0 e 100 puntos, resultado da suma das cualificacións parciais que se outorgarán conforme os seguintes criterios:

- a. Cualificación da tese, obtida da valoración confidencial emitida por cada un dos membros do tribunal. As puntuacións resultantes normalizaranse de xeito que a máxima corresponda a 25 puntos.
- b. Cada un dos membros da comisión, una vez lidas as teses seleccionadas e estudados os demais documentos que acompañan a cada unha delas, emitirá unha valoración no formulario enviado para o efecto pola Comisión de Doutoramento. As ditas valoracións serán numéricas e responderán a aspectos concretos das teses, seleccionados cada curso académico pola Comisión de Doutoramento. As puntuacións resultantes normalizaranse de xeito que a máxima corresponda a 20 puntos.
- c. Patentes concedidas e libros ou artigos publicados en revistas científicas orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da

- tese. A Comisión establecerá un baremo para avaliar estas contribucións de xeito que a puntuación máxima non exceda 40 puntos.
- d. Presentacións ou actas de congresos orixinados polos traballos de investigación que culminaron na elaboración da tese. A comisión establecerá un baremo para avaliar estas contribucións de xeito que a puntuación máxima non exceda 10 puntos.
 - e. Cualificación media ponderada relativa á media das cualificacións medias ponderadas da promoción do alumno no programa, expresada por CMP/m , onde CMP é a cualificación media ponderada do alumno, e " m " a media das CMP da promoción. As CMP relativas obtidas normalizaranse de xeito que a máxima corresponda a 5 puntos.

Art. 59. Concesión dos premios

1. A resolución da comisión quedará reflectida nunha acta na que se recollerá, como mínimo:
 - a) o baremo empregado en relación co recollido nos artigos 58.c e 58.d;
 - b) unha relación das teses avaliadas, ordenadas pola puntuación final outorgada, indicando tamén as puntuacións parciais;
 - c) o número da relación anterior ata o cal se propoñen as teses como merecedoras do premio extraordinario.
2. O/A secretario/a da comisión remitirá a documentación recollida no artigo anterior ao/á decano/a ou director/a de centro, quen lla enviará ao presidente/a da Comisión de Doutoramento.
3. A Comisión de Doutoramento, vistas as propostas de concesión de premios extraordinarios de doutoramento efectuadas polas comisións, remitiralle á Xunta de Goberno a proposta de concesión dos citados premios. A Xunta de Goberno decidirá sobre a aprobación da mencionada proposta. Unha vez completado o procedemento, os solicitantes poderán retirar dos centros a documentación que achegaron coa súa solicitude.

Art. 60. Devolución dos prezos públicos

Os doutores aos que se lles concedese o premio extraordinario de doutoramento, unha vez recibida a comunicación oficial da citada mención, deberán de pórse en contacto co CPTF, co fin de tramitar a devolución dos prezos públicos pagados para a expedición do título de doutor. Nas certificacións académicas e no título de doutor/a farase constar a mención de premio extraordinario de doutoramento correspondente.

Capítulo VII: Mención Europea no título de doutor/a

Art. 61. Definición

A Mención Europea no título de doutor/a é unha cualificación honorífica que se concede en adición ao título de doutor/a cando se reúnen os requisitos contidos no artigo seguinte.

Art. 62. Requisitos

Para obter a Mención Europea no título de doutor/a na USC precísase, ademais dos requisitos ordinarios para acadar ao título de doutor/a, os seguintes requisitos adicionais:

- a) Que, durante o período necesario para a obtención do título de doutor/a, o/a doutorando/a teña realizado unha estancia mínima de tres meses fora de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación dun Estado membro da Unión Europea, cursando estudos o realizando traballos de investigación recoñecidos pola USC.
- b) Que parte da tese de doutoramento, polo menos o resumo e as conclusións, se teñan redactado e sexan presentadas no acto de defensa da tese nunha das linguas oficiais da Unión Europea distinta de calquera das linguas oficiais en España ou das aceptadas pola USC para a defensa das teses (sen que teña que ser distinta á aceptada no caso dunha tese de filoloxía moderna que sexa redactada e defendida na correspondente lingua, salvo nos casos das filoloxías relacionadas con linguas oficiais en España).
- c) Que a tese teña sido informada favorablemente por un mínimo de dous expertos que pertencen a algunha institución de ensino superior ou centro de investigación dalgún(s) estado(s) da Unión Europea distinto(s) de España. Ditos informes serán de características análogas ás descritas no artigo 39.2.
- d) Que polo menos un/nha experto/a pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España e distinto do/da responsable da estancia mencionada no apartado a) e dos expertos mencionados no apartado c)–, teña formado parte do tribunal avaliador da tese.
- e) Que a defensa da tese sexa efectuada na propia USC, tendo inscrita a tese nesta Universidade.

Art. 63. Procedemento

1. O/A doutorando/a interesado en obter a acreditación da Mención Europea no título de doutor/a terá que solicitalo a través do departamento ou instituto no que presenta a tese consonte ao previsto no artigo 32.g deste regulamento.
2. O departamento ou instituto no que se presenta a tese terá en conta o previsto no artigo 33.3.d deste regulamento.

3. O CPTF remitirá ao/á secretario/a do tribunal, a través do/a director/a do departamento ou instituto universitario, ademais dos documentos recollidos no artigo 43.1, un documento adicional para que este certifique: a) que o tribunal foi constituído de acordo co recollido no artigo 62.d; b) que a exposición da tese de doutoramento foi feita de acordo co recollido no artigo 62.b.

Art. 64. Diploma e Mención Europea no título de doutor/a

A acreditación á Mención Europea no título de doutor/a reflectirase en certificacións, título oficial e diploma do seguinte xeito:

- a. Inclusión na certificación do pagamento de dereitos e no título: a Mención Europea no título de doutor/a acreditarase mediante a mención que se establece a seguir e que figurará na certificación do pagamento dos dereitos para a expedición do título e no reverso do título de doutor, "O/A titular da presente certificación/título atanguen o grao de doutor/a e mais a Mención de Doutor/a Europeo/a". Tanto na certificación do pagamento dos dereitos, como no reverso do título de doutor/a, deberá estamparse o anagrama de Doutor/a Europeo/a.
- b. Diploma da Mención Europea no título de doutor: simultaneamente á entrega do título oficial de doutor, entregaráselle ao/á alumno/a un diploma, expedido polo/a reitor/a, que reflecta a súa condición de Doutor/a Europeo/a.

Capítulo VIII: Seguimento da calidade dos estudos de Terceiro Ciclo

Art. 65.

O CPTF fará un seguimento da calidade dos estudos de terceiro ciclo solicitando dos coordinadores dos programas e dos departamentos e institutos universitarios, a información que para o dito fin considere necesaria, e utilizando as vías adicionais que estime oportunas.

Capítulo IX: Disposicións adicionais, transitorias e finais

Disposición adicional primeira

A Universidade de Santiago de Compostela poderá establecer convenios con outras universidades españolas ou estranxeiras, para a organización de programas de doutoramento conxuntos e/ou a cotutela de teses de doutoramento. No convenio, que deba obter un informe previo da Comisión de Doutoramento, deberá aplicarse na medida do posible o presente regulamento e deberá especificarse cál das universidades intervinientes se responsabilizará do rexistro e expedición do DEA e do título de doutor. En ningún caso a expedición do título

por unha das universidades intervenientes distinta da USC implicará a súa expedición pola USC. En calquera caso, nos aspectos non expresamente contemplados no presente regulamento resolverá a Comisión de Doutoramento.

Disposición adicional segunda

Unha vez rematado o proceso de defensa da tese de doutoramento, os exemplares impreso e electrónico da mesma serán enviados á Biblioteca Xeral da USC para o seu arquivo.

Disposición transitoria primeira

1. Os alumnos que realizaron cursos monográficos de doutoramento con anterioridade á entrada en vigor do R.D. 185/1985 poderán solicitar á Comisión de Doutoramento, antes do 31 de decembro de 2001, a exención do requisito da posesión do DEA para acceder á etapa de tese. A solicitude deberá ir acompañada do curriculum vitae do interesado. A Comisión de Doutoramento, en virtude dos méritos recollidos no curriculum vitae, poderá outorgar a devandita exención. Os alumnos que non o soliciten neste prazo, ou que non obteñan a exención, se desexan realizar estudos de terceiro ciclo na USC, deberán solicitar a súa admisión na etapa de formación dalgún dos novos programas de doutoramento. Unha vez admitidos e matriculados poderán obter a validación ou o recoñecemento dos cursos monográficos realizados, a cal se poderá conceder ata un máximo de 8 créditos.
2. Os alumnos que realizaron estudos parciais de terceiro ciclo con posterioridade á entrada en vigor do R.D. 185/1985 poderán solicitar a súa admisión na etapa de formación dalgúns dos novos programas de doutoramento, e unha vez matriculados, solicitar a validación ou o recoñecemento dos estudos previamente realizados, seguindo o establecido neste regulamento.
3. Os alumnos que obtiveron a suficiencia investigadora con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento están exentos do requisito de estar en posesión do DEA para accederen á etapa de tese.
4. Os alumnos que se atopan realizando o traballo ou traballos de investigación correspondentes a un proxecto de tese aprobado por un departamento antes da entrada en vigor do presente regulamento, integraranse na etapa de tese seguindo o procedemento descrito no artigo 21.2.

Disposición transitoria segunda

Os departamentos ou institutos universitarios responsables dos programas de doutoramento que se desenvolvan nos cursos académicos 2000-2001 a 2005-2006, poderán obter por parte da Comisión de Doutoramento a exención do requisito á que fan referencia os artigos 2.2, 26.3 e/ou 27.2 en relación cos sexenios de investigación, tras dirixir unha solicitude razoada á Comisión de Doutoramento. A dita solicitude poderá acompañarse á proposta do programa de doutoramento.

Disposición transitoria terceira

Durante os cursos académicos 2001-2002 a 2006-2007, os departamentos ou institutos universitarios poderán obter a exención do requisito a que fai referencia o artigo 57.1. a) en relación cos sexenios de investigación, previa solicitude razoada á Comisión de Doutoramento.

Disposición transitoria cuarta

Durante o curso académico 2000-2001 os centros adaptarán ao presente regulamento aqueles aspectos dos seus regulamentos propios relativos ao premio extraordinario de doutoramento.

Disposición transitoria quinta

O aspecto referido ao CPTF nos artigos 14.1, 20.1 entrará en vigor cando se aprrobe a correspondente delegación por parte da Xunta de Goberno.

Disposición derogatoria

Quedan derogados o Regulamento dos estudos do terceiro ciclo da Universidade de Santiago de Compostela aprobado na Xunta de Goberno do 24 de marzo de 1988 (e modificado por acordos do 11 de novembro de 1993, do 23 de xullo de 1996 e do 18 de febreiro de 1998), e o Regulamento de doutoramento europeo aprobado na Xunta de Goberno do 17 de novembro de 1994.

Disposición final

A presente normativa será de aplicación a partir do día seguinte a súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.